

Sendo as 19:30 horas, do día 24 de outubro de 2018, no salón de actos do IME, Camiño do Chouzo 2, Vigo, reúnese a Asemblea xeral con carácter extraordinario dos membros asociados de Foanpas e os seguintes membros da Xunta Directiva:

Presidenta: M<sup>a</sup> del Carmen Rivas Corbacho

Secretaria: Elena Rodríguez Carracedo

Vogal colaboradora: Bertila Fernández Pérez

Dolores Fernández

Manuel Hermida

Para tratar o seguinte punto do día:

1. Presentación e ratificación da nova xunta directiva.

M<sup>a</sup> del Carmen Rivas da as grazas aos presentes e despídese da asemblea como presidenta, e membro da directiva, e dá paso a Miguel Álvarez que fai a presentación.

Miguel Álvarez da as grazas a Xunta Directiva saínte e expón a visión de Foanpas:

Organización:

- Os estatutos de Foanpas marcan as léis xerais que nos rixen coma organización.
- A asemblea xeral a forman os representantes das ANPAS asociadas que son o corpo lexislativo da Federación, con capacidades absolutas.
- A Xunta Directiva elixida pola Asemblea formaría o corpo executivo dos acordos da Asemblea.
- En Foanpas existe ademais un equipo técnico (Ana Pérez, M<sup>a</sup> Jesús Granja, Pilar Ramos e Santiago Vila) que sería o encargado de executar os acordos da Xunta Directiva. Eles son os mais importantes porque viven o día a día da Federación.
- Por suposto contamos con Bertila Fernández vinculada as ANPAS dende hai 31 anos. Comprometida cá defensa do ensino público e defensora dos dereitos d@s nen@s e da boa convivencia.
- As achegas económicas máis importantes proveñen do Convenio co Concello de Vigo (comedor, AE e xestión de FOANPAS). Despois estaría a achega coma subvención da Xunta de Galicia e as cotas dos socios federados.
- Todo este ensamblaxe é posible sempre que os pais e nais de case 20.000 familias das EIs, CEIPs e IES queiran facer un pequeno esforzo axudando.

Composición:

- Presidente: Miguel Álvarez Parada (CEIP O Pombal)
- Vicepresidenta: Libertad Moscoso Rodríguez (CEIP Carrasqueira)
- Secretario: Oscar Souto Enríquez (CEIP Ramón y Cajal)

- Tesoureira: Mar Díaz Fernández (El Aragón)
- Vogal especializado en Comedores: Belén Fernández Covelo (CEIP Illas Cíes)
- Vogal: Verónica Díaz (El Monte Alba e CEP Igrexa-Valladares)
- Vogal Redondela: Francisco Xosé Álvarez Larrán
- Vogalía NEAE: Paula Verde Francisco (CEIP Mosteiro Bembrive)
- Vogal colaborador : Manuel Hermida
- Portavocía é relacións externas : Bertila Fernández Pérez

Páxina Web como proxecto a desenvolver:

- Como ferramenta de traballo e interconectividade entre FOANPAS e as ANPAS e co mundo externo: [www.foanpas.com](http://www.foanpas.com)
  - Espazo público: quen sómos, qué facemos, cómo o facemos, novidades e exposición de causas e cousas ben feitas.
  - Espazo privado para as ANPAS.
  - Posibilidade de desenvolver unha aplicación (app) de comunicación entre ás ANPAS federadas e os páis e náis dos seus coles.

Quedando á disposición da Asemblea a aprobación e ratificación da nova Xunta Directiva, procédese á votación. Non habendo votos en contra, nin abstencións, apróbase e ratifícase por unanimidade.

Remata a asemblea extraordinaria ás 20:30 horas do 24 de outubro de 2018.